OBSERVATORIO AUDIOVISUAL GALEGO

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Comunicación
Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual

Monográfico A PRODUCIÓN DO CINE GALEGO 2

Fonte dos datos: *ICAA, Axencia Audiovisual Galega*
Elaboración: Observatorio Audiovisual Galego.

A crise económica provocou, non tanto un descenso no número de filmes que poderían chegar ás salas en comparación co de 2008 ou 2007 -cada un destes dous anos foron estreados trece filmes de ficción-, como agudizou os problemas de distribución que tradicionalmente veñen sufrindo a gran maioría das películas realizadas en Galicia.

Datos promedio das películas con participación galega.

Indicador	Dato
Duración da rodaxe (Días)	148
Tempo desde o remate da rodaxe á estrea comercial (Días)	332
Presuposto total da película (euros)	2.866.660
% de coincidencias director/produtor	32,18%
% coincidencias director/guionista	74,71%
Total de copias distribuídas por título	98
Copias por película en galego	3
% coprodución desenvolvidas sobre o total de producións	36,78%
% de participación galega total na película	56,94%

Nota: Considéranse 87 títulos, a maior parte deles estreados a partir do 2000.

- Once películas producidas total ou parcialmente por empresas galegas **teñen previsto a súa estrea durante o ano 2009**.
- Logo de *Los girasoles ciegos*, o filme *Os mortos van a presa* é a seguinte **longametraxe participada por SempreCinema** no ano 2008.
- Dous filmes rodados en Galicia (*Los girasoles ciegos* e *Siete mesas de billar francés*) loitaron por representar a España nos **Oscar**.
- O Consorcio Audiovisual de Galicia, a través da **Galicia Film Comission**, atrae a Galicia a rodaxe da película francesa do realizador galo Jacques Sechaud titulada *Suerte*.
- O filme *Rafael* de Xavier Bermúdez é unha produción independente que saca partido da rodaxe en vídeo.
- A **Televisión de Galicia** é o motor principal do sector audiovisual galego, o seu principal cliente e o emisor fundamental das producións realizadas en Galicia.
- Ante a reticencia das salas a emitir filmes en galego, a TVG, é o gran impulsor dos produtos cinematográficos en galego.
- A vitalidade do sector de produción de cine en Galicia contraponse á **escasa repercusión** que adoitan conseguir, percorrendo un longo camiño de festivais pero sen conseguir en moitas ocasións a súa estrea nas salas de cine.
- O cine en galego ten o problema da **doblaxe para salas**, que non está a ter o apoio das distribuidoras.

Porcentaxe de títulos segundo o número de copias distribuidas (2000-2009)



Longametraxes galegos participados por produtora (1986-2009)



Longametraxes galegos participados en cada un dos anos (1986-2009)